

Tema 5. A EXPANSIÓN COLONIAL E O IMPERIALISMO.

5.1. Desenvolvemento capitalista e imperialismo.

Para entender o fenómeno imperialista debe facerse referencia a segunda fase da Revolución industrial, que vai a estar condicionada por:

- A **crise económica de 1873** provocada polas dificultades crecentes das empresas para vender o que producen e para atopar materias primas e enerxía máis baratas.
- A **crise agraria finisecular** provocada polas dificultades dos agricultores e gandeiros europeos para vender os seus produtos, posto que son incapaces de competir cos baixos prezos dos produtos importados dos “países novos” (EE.UU. , Arxentina, Australia...) e de Rusia.

Para tratar de superar estas crises os burgueses primeiro sempre reaccionan reclamando dos seus gobernos aranceis proteccionistas, pero finalmente sempre se decidiran por levar a cabo profundas transformacións nos sistemas produtivos. Para lograr superar estas crises introduciron certas innovacións como:

1. O **uso de novas fontes de enerxía**: uso masivo de electricidade (inflúiu na maior produtividade das empresas; no ferrocarril, tranvía e metro; iluminación das casas, rúas e empresas) e do petróleo (permitiu a aplicación do motor de combustión interna o automóbil).
2. O aproveitamento das investigacións científicas na produción industrial e agrícola .emprego das fibras artificiais, caucho, fertilizantes químicos, aluminio, etc.
3. Os **cambios nos transportes**: mellorase a navegación a vapor transoceánica (buques mais resistentes equipados con motores mais potentes, **canles artificiais de Suez en 1869 e Panamá en 1914**); inventase a bicicleta (combinando as innovacións do pedal e o pneumático), os automóviles (combinando o motor de explosión interna , o petróleo refinado e o pneumático) e iniciase a aviación.
4. A **organización científica do traballo** ou cadea de montaxe (**Taylorismo**) consiste nunha fita transportadora do produto en elaboración, que evita os desprazamentos e tempos mortos dos obreiros mellorando a súa produtividade.
5. A **producción estandarizada (Fordismo)**: consiste en producir pezas en serie para despois ensamblar nas cadeas de montaxe, logrando reducir os custos de produción e favorecendo as posibilidades de reparación).
6. A **concentración empresarial**: moitas empresas para lograr manterse no mercado optan por fusionarse con outras ou por absorber as competidoras: xorden empresas xigantescas capaces de lograr situacións de oligopolio ou monopolio impoñer os prezos, alterando a Lei da oferta e a demanda), creando *trusts*, *cárteles* e *holdings*.
7. Os **novos mercados coloniais que brindaban a tripla posibilidade de atopar materias primas mais baratas, vender os excedentes de produción e resituair os excedentes demográficos** (os burgueses dos países industrializados compiten para repartirse os mercados de América, África e Asia...e sesenta millóns de emigrantes europeos emigran a terras doutros continentes empuxados polas crises.

Para superar as crises os inversores tenden a trasladar os seus negocios mais alá das fronteiras dos seus estados e dos seus continentes: os **grupos financeiros, industriais e comerciais trataran de presionar os seus gobernos para que favorezan os seus negocios.**

Estes burgueses para lograr crear unha corrente de opinión entre o público favorable a conquista de colonias como engrandecemento nacional organizan sociedades xeográficas, financian expedicións de aventureiros e científicos e difunden a idea da superioridade dos brancos e da súa obriga de civilizar os pobos africanos e asiáticos.

Para respaldar as súas posicións proimperialistas os grupos de presión burgueses van aproveitar as teses de dúas correntes de pensamento:

- **O darwinismo social:** os socialdarwinistas defendían que só sobrevivían aqueles que mellor lograban adaptarse ós cambios: os fortes impoñense ós débiles.
- **O racismo:** os racistas defendían a superioridade dunhas razas sobre as outras e o dereito da raza superior a someter e explotar ás inferiores. Consideraban que existían razas ou grupos étnicos elixidos, que teñen a misión de civilizar os pobos bárbaros ou inferiores.

Os Estados entran nunha dinámica de competencia vertixinosa polo control sobre territorios colonizables, que lles permita crear un gran imperio e demostrar así a fortaleza e superioridade sobre os demais estados. En realidade, os gobernantes entenderon que a expansión colonial era unha boa fórmula para elevar o prestixio dos gobernos, asfixiados polas tensións sociais derivadas dos efectos das crises económicas

Pero na rápida conquista de África e de grande parte de Asia, ademais das causas económicas, políticas e ideolóxicas, tiveron grande importancia certos avances tecnolóxicos claves que fixeron posible abaratar os custos financeiros e humanos da penetración, conquista e colonización:

- Para a penetración nos territorios, resultou clave o uso de pequenos barcos de vapor armados con canóns (canoneiras) e a utilización da quinina (para combater os efectos da picadura dos mosquitos da malaria).
- Para a conquista dos territorios e a imposición de novos gobernantes, foi fundamental a superioridade que daban os brancos ó fusil de repetición, o revólver e a metralhadora.
- Para a explotación colonial, foi imprescindible o fomento da construción de barcos de vapor feitos con ferro e aceiro e provistos de máquinas con motores mais potentes e a construción de redes de ferrocarrís.

5.2. O reparto do mundo.

A finais do XIX ten lugar un cambio radical nas actitudes colonialistas dos europeos: as potencias coloniais pasan de un simple interese por explotar as riquezas das colonias (exercer un control indirecto) a empeñarse en controlar militar e politicamente os lugares explotados (exercer un **control directo**).

As novas actitudes teñen como clave a necesidade de controlar as terras dispoñibles para explotalas ou para impedir que os demais as exploten. Os gobernantes defendían o dereito dos estados a formar un imperio, como algo necesario para a supervivencia das grandes nacións ou nacións vivas.

O REPARTO DE ÁFRICA:

Antes de 1880 os europeos en África a penas controlaban escasas franxas ou zonas costeiras, pero ó desatarse a febre por dominar e explotar os territorios do interior de África cada estado terá o seu obxectivo e deseñará a súa estratexia:

- **FRANCIA.**- Ten como obxectivo o control do Magreb e a creación dun imperio continuo no norte de África, desde o Atlántico ó mar Vermello (oeste-leste).
- **GRAN BRETAÑA.**- Pretende establecer un imperio continuo no leste de África, desde Exipto a Sudáfrica (norte-sur), para defender os puntos clave das rutas cara a India, sobre todo a Canle de Suez e a Cidade do Cabo.
- **ALEMAÑA.**-Tras a tardía unificación, Bismarck decide que Alemaña debe centrar os seus esforzos en fortalecerse e non gastalos en aventuras coloniais. A fins de século, co abandono de Bismarck da política e a entrada de Guillerme II, Alemaña mostrará un interese especial por lograr conquistar terras en África, para facer ver a súa grandeza como nación e dificultar a creación do imperio colonial francés e británico (*paso de realpolitik a weltpolitik*).
- **ITALIA.**-Tras a tardía unificación...pronto mostra interese especial por conquistar terras no sur do Mediterráneo (Libia), no mar Exeo e no mar Vermello.
- **BÉLXICA.**- Oficialmente o goberno non desexa participar no reparto de África (pero o seu rei Leopoldo II, de xeito privado, faise co control da Conca do Congo).
- **PORTUGAL.**- Pretende un imperio continuo, no sur de África, de Oeste a Leste (Angola-Mozambique).
- **ESPAÑA.**- Pon o seu empeño en colonizar pequenos territorios no golfo de Guinea e o Sahara occidental e tratar de participar no reparto de Marrocos, para protexer Ceuta e Melilla.Pero é unha potencia colonial en decadencia, posto que en 1898 perderá o control sobre Cuba, Porto Rico e Filipinas presionada e derrotada polos EE.UU.

A coincidencia de moitos estados europeo con intereses diverxentes, en África ,vai provocar a aparición de certos problemas:

- A. **O problema ou cuestión exipcia.**- Exipto, tras independizarse dos turcos, logrou modernizarse grazas as inversións francesas e británicas (Canle de Suez 1869). Ante o perigo de bancarrota en Exipto, franceses e ingleses tomarán o control da Canle. Sucedeu unha reacción nacionalista dos exipcios e Gran Bretaña ocupou militarmente Exipto. Francia rematou por aceptar o predominio dos británicos en Exipto, a cambio de que Gran Bretaña aceptase o seu predominio no Magreb (Alxeria –Tunicia e posible control de Marrocos).
- B. **O problema ou cuestión do Congo.** Alemaña inicialmente pretende controlar terras na costa atlántica de África, das zonas de influencia británica e francesa. Isto críspsa as relacións entre as potencias e xurde un enfrontamento, por controlar a desembocadura do río Congo, entre franceses- portugueses (apoiados polos británicos) e os belgas (apoiados polo chanceler alemán Bismarck).

Para resolver o conflito Bismarck convocou a **Conferencia de Berlín de 1885** na que se decidiu:

- A liberdade de navegación nas cuncas dos ríos Congo e Níxer.
- A liberdade do comercio nas ricas terras en minerais do Congo.
- Que **só se podería reclamar os dereitos coloniais sobre un territorio se se daba unha ocupación efectiva**, con control político e militar.

C. **O problema ou cuestión de África Oriental.** Os británicos estaban interesados na zona dos grandes lagos para intentar o obxectivo do Imperio continuo desde O Cabo a O Cairo, pero os alemáns lograron impedilo asentándose en Tanganica.

O REPARTO DE ASIA E ILLAS DO PACÍFICO:

A presenza de portugueses, españois, holandeses, británicos ou franceses nas terras de Asia e o Pacífico é un feito ó longo dos séculos XVI ao XIX. Agora ben, na segunda metade do XIX desátase unha competencia acelerada por facerse co control de todas as terras posibles, cada potencia terá os seus propios obxectivos e emprega as súas propias estratexias:

- **HOLANDA.-** Céntrase en consolidar as súas colonias en Indonesia.
- **FRANCIA.-** Empéñase en controlar terras de Indochina.
- **GRAN BRETAÑA.-** Busca protexer a súa colonia da India (fronte á expansión rusa polo noroeste e a expansión francesa polo leste) e defender unha posición de privilexio no comercio coa China.
- **RUSIA.-** Esténdese por Siberia á procura de portos libres de xeos no Pacífico e de controlar o comercio co norte de China (ferrocarril transiberiano).
- **XAPÓN.-** Precisaba acceder a territorios das costas de Corea e China para colocar o seu excedente de poboación e de produción industrial. Os xaponeses sentíanse un pobo e unha raza superior.
- **ALEMAÑA.-** Reclamaba colonias no Pacífico e unha parte do mercado chinés acorde co seu rango de grande potencia e status de raza superior con dereito a expandirse a costa dos seus veciños.
- **EE.UU.-** Necesita colonias no Pacífico para asentar bases navais, que lles permitan participar no control do comercio das rutas do Pacífico cara a China.

A coincidencia de moitos estados con intereses diverxentes, en Asia ,vai derivar na aparición de certos focos de tensión:

- A. **No surlleste de Asia.-** Colisionan os intereses de Gran Bretaña (interesada en estenderse desde a India cara ó Leste) cos intereses de Francia (interesada en estenderse desde Indochina cara ó Oeste). Para evitar o enfrontamento directo ambas potencias pactan respectar a independencia de Siam (Thailandia) como **estado tapón**. Ademais ambas potencias pretenden impedir que a outra logre un maior control sobre o mercado chinés
- B. **En Asia Central.-** Colisionan os intereses de Rusia (interesada en estenderse cara ó sur do mar Caspio) cos interese de Gran Bretaña (interesada en protexer á India, estendéndose cara ó Noroeste) Para evitar o enfrontamento directo ambas potencias pactan respectar a independencia de Afganistán e de Persia como **estados tapón**.
- C. **En China.-** Na segunda metade do século XIX (destacan as Guerras do opio) ás potencias industrializadas (Gran Bretaña, Francia, Alemaña, Estados Unidos, Italia e Xapón) obrigan a China de abrir as súas portas o comercio estranxeiro... Xapón, en 1895, tras derrotar os chineses planteou un posible reparto de China, pero o mostrarse Rusia, Gran Bretaña e Estados Unidos contrarios o reparto, China mantívose independente. Esta independencia perdurou), posto que Gran Bretaña, Estados Unidos e á propia Alemaña, acabaron preferindo a liberdade de comercio ó reparto de monopolio ou zonas de influencia exclusiva sobre áreas territoriais chinesas.
- D. **No Pacífico.-** Conflúen os intereses de Gran Bretaña, Alemaña, Francia e EEUU, que van controlando e anexionando conxuntos de illas sen grandes tensións.

5.2.1 O imperialismo estadounidense e xaponés.

O imperialismo dos EEUU e do Xapón son fenómenos específicos de fins do século XIX e estritamente ligados á segunda fase da revolución industrial.

O imperialismo estadounidense.

A expansión imperialista dos EEUU iniciouse tarde (a partir de 1898) por dous motivos:

- O inicial sentimento anticolonial dos EEUU pois nacen como a unión de Trece colonias que se independizan do Imperio británico.
- As existencia de posibilidades de expandir as súas fronteiras provocando guerras coas tribos indias e co estado mexicano e comprando territorios a Francia (Louissiana), a España (Florida) e a Rusia (Alaska).

Pero ó longo do século XIX foron xurdindo propostas nos EE.UU. que alentaban a aventura imperialista como:

- **A doutrina Monroe (1823)**, que proclamaba que os territorios americanos (norte e sur) eran un asunto dos propios americanos e non das potencias coloniais europeas: “América para o americanos”. En realidade o presidente Monroe estaba defendendo a independencia das colonias españolas en América e xustificando calquera expansión dos propios EEUU sobre as terras americanas.
- **A doutrina do Destino manifesto (arredor de 1840)**, que proclamaba a obriga histórica dos EEUU, como pobo superior, de espallar o seu modelo de civilización (sistema de produción capitalista industrial, sistema liberal parlamentario, ...) por todos os lugares non civilizados ou atrasados técnicalemente. Os defensores da doutrina do Destino manifesto buscaban xustificar as guerras de expansión sobre as terras dos indios, as terras de México e os dereitos dos estadounidenses a expandirse comercialmente por todo o territorio americano.

A fins do século XIX o espectacular auxe económico dos EEUU e o fin da expansión da fronteira cara o oeste (costa do Pacífico) e cara o Sur (río Bravo) provocaron, entre os estadounidenses, a necesidade de imitar ás potencias coloniais europeas e entrar no reparto de territorios e influencias coloniais, coa obsesión de instalar bases navais en lugares estratéxicos. Os momentos claves da expansión colonial dos EEUU son:

- **O ano 1899**, tras derrotar a España na guerra hispanocubana, EE.UU. logra o control sobre Cuba, Porto Rico e Filipinas.
- **A presidencia de T. Roosevelt (1901-1907)**, que estendeu a **doutrina do Corolario Roosevelt**: defensa do dereito dos EEUU a intervir nos asuntos internos dos países americanos, nos que os seus gobernos non fosen capaces de impor os valores da civilización occidental ou de protexer os intereses comerciais, financeiros ou xeoestratéxicos dos estadounidenses. O Corolario Roosevelt foi a escusa para:
 - **Forzar que Panamá se independizase de Colombia** e lles concedera o dereito a construír e explotar unha canle entre o Atlántico e o Pacífico (a canle de Panamá foi clave para a conexión das cidades da costa leste e costa oeste dos EEUU e para a hexemonía naval estadounidense no Atlántico e no Pacífico).
 - **Xustificar a intervención militar dos EE.UU.** en numerosos estados do centro e sur de América (na República Dominicana, Cuba, Nicaragua, Honduras, México

...), para defender intereses das grandes compañías multinacionais estadounidenses ou asegurarse intereses xeoestratéxicos.

O colonialismo estadounidense caracterízase por pretender o control económico, comercial e financeiro e non por tratar de lograr o control directo dos territorios.

A expansión colonial dos EEUU céntrase en dúas áreas:

- **A expansión colonial no Caribe e América do Sur.**-Os estadounidenses invertían coa seguridade de que, en último término, as súas inversións e actividades comerciais sempre estarían protexidas polos marines e soldados do exército estadounidense (ante calquera cambio lexislativo, reforma ou revolución os EEUU sempre se sentirían con dereito a potenciar un golpe de Estado, decretar un bloqueo ou invadir o país onde estivesen en perigo intereses americanos en América Central e do Sur). Baseouse na **diplomacia do dólar** (conceder axudas e préstamos ós que favorecen os intereses dos EEUU e retirar axudas- préstamos e incluso bloquear economicamente ós gobernos que non se someten ós seus intereses):
- **A expansión dos EEUU polo Pacífico.**- Debeuse o interese das empresas multinacionais en participar no reparto de mercados, especialmente en China, e os intereses de certos militares defensores da necesidade de controlar illas, para instalar nelas bases navais, como fórmula para mellor defender os intereses dos estadounidenses..

A opinión pública estadounidense, influída pola prensa, acaba por reclamar a expansión imperialista, como fórmula de prestixio da nación e de estender o modelo de civilización occidental. Pero no Pacífico, ó longo da primeira metade do século XX, os intereses expansivos dos EE.UU. van chocar cos intereses expansivos dos xaponeses ou nipóns.

O imperialismo xaponés.

Ata a metade do século XIX Xapón permaneceu illado do mundo occidental (sen influencias das transformacións económicas, políticas e técnico-científicas derivadas da Revolución industrial e da Revolución liberal) pero os dirixentes xaponeses non puideron aguantar a presión militar e diplomática dos EEUU, Gran Bretaña, Francia, Rusia e Holanda, que lles obrigará a abrir parte dos seus portos ó comercio estranxeiro.

A superioridade tecnolóxico-militar das potencias europeas provocou entre os xaponeses un sentimento xeneralizado de humillación, que lles levou a proxectar unha reforma integral das súas estruturas económicas e políticas: A revolución *Meiji* ou da Luz, iniciada en 1868.

Os xaponeses decidiron homologarse política e economicamente ás potencias occidentais, pero conservando as súas tradicións espirituais e culturais posto que as consideraban superiores.

As reformas económicas e políticas da revolución *Meiji* permitiron ó Xapón desprenderse da conciencia de humillación e iniciar o seu propio proceso de expansión imperialista a costa de Rusia, China e as colonias de Alemaña no Pacífico.

O imperialismo xaponés asentouse en certos piares básicos:

- **A industria armamentística**, que lles permitiu armar un potente exército e unha espectacular flota.
- **A necesidade de dar saída a excedentes de poboación e de produción**, ademais de controlar e explotar materias primas.
- **O fortísimo nacionalismo nipón** os xaponeses sentíanse un pobo e unha raza superior cunha misión especial en Asia Oriental (similar á doutrina Monroe e Destino Manifesto, nos EE.UU.).

Os xaponeses sentíronse con dereito a impoñer condicións comerciais ou colonizar ós seus veciños polo que usaron a súa flota (**política de canoneira**) para:

- Implantar os seus interese sobre Taiwan e Corea.
- Impoñer o seu dereito a participar no mercado chinés en igualdade cos brancos occidentais: os xaponeses humillan a China na guerra de 1894-95.
- Lograr un tratado de Alianza con Gran Bretaña.
- Desprezar ós rusos da influencia sobre o norte de China e Corea: **os xaponeses humillan a Rusia na guerra de 1905.**
- Substituír a Alemaña no control das súas colonias no Pacífico: recompensa que recibe Xapón por participar na Primeira Guerra Mundial (1914-18) a favor do bando aliado vencedor.

Ó longo das décadas de 1920 e 1930 os xaponeses van incrementando a súa expansión ocupando Manchuria, a costa de China, illas do Pacífico cara a Australia e apoiando todo movemento independentista das colonias dominadas polas potencias occidentais. Os xaponeses móstranse, desde o triunfo sobre os rusos en 1905, como a grande potencia capaz de axudar ós asiáticos a liberarse da explotación dos brancos. Os xaponeses aproveitan a ruptura da idea racista da superioridade absoluta dos brancos para engrandecer o seu propio imperio e reclamar o dereito exclusivo como raza superior a ser potencia-xendarme na área de influencia da costa asiática e illas do Pacífico. A expansión acelerada dos xaponeses provocou nos EEUU o temor a perder as colonias e influencia comercial no Pacífico.

As tensións derivadas do choque de intereses e de culturas, entre os estadounidenses e os xaponeses van desembocar nun longo enfrontamento armado no contexto da **Segunda Guerra Mundial (1939-1945)**.

5.3. Os conflitos imperialistas.

Os conflitos imperialistas manteñen unha relación directa coa desaparición en 1890, da política alemana do Chanceler Bismarck. Pois desde 1871 (en que os prusianos vencen ós franceses e lles arrebatan Alsacia e Lorena, para o novo Estado Alemán) Bismarck viña fomentando unha política de equilibrios e alianzas coñecida como os **sistemas bismarckianos**, que canalizaba ou disolvía as tensións entre as potencias.

Os sistemas bismarckianos, que foron deseñados por Bismarck para illar diplomaticamente a Francia e impedir que reclamase Alsacia e Lorena, procuraban favorecer a expansión colonial francesa (fomentaba a rivalidade de Francia con Gran Bretaña) e conceder a Alemaña o papel de árbitro entre os imperios austríacos, ruso e turco, sempre mantendo a Alemaña fóra da carreira colonial.

A desaparición de Bismarck como Chanceler desata en Alemaña unha paixón política colonialista ou *weltpolitik* (“buscar un lugar ó sol”), que rompe o equilibrio dos sistemas Bismarckianos e desata múltiples tensións imperialistas:

5.3.1. Enfrontamentos imperialistas extraeuropeos:

- a. **Guerra sino-xaponesa** (1895). Xapón aproveita o interese das potencias coloniais occidentais por debilitar China e provoca unha guerra buscando, coa derrota de China, co obxectivo de obter o dereito a participar no reparto do mercado chinés e facerse respectar polas potencias coloniais brancas: *iniciase o imperialismo xaponés.*
- b. **Incidente de Fashoda** (1898). Os intereses coloniais en África dos franceses (crear un imperio oeste-leste, no norte) e dos británicos (crear un imperio norte-sur, no leste) chocan

cos dos británicos cando un exército francés logra chegar primeiro e controlar o lugar de Fashoda no nacemento do Nilo: os franceses teñen que ceder ante os intereses británicos a cambio de pactar o apoio ós intereses de Francia no Magreb (Alxeria –Tunisia-Marrocos): *o entendemento a través de pactos secretos confirma o fracaso alemán de manter illada a Francia e o inicio da “entente” de Francia e G. Bretaña.*

- c. **Guerra hispano norteamericana** (1898). Os estadounidenses aproveitan o conflito entre os cubanos e o exército español para intervir na guerra hispano-cubana. Tras derrotar a España EEUU inicia a súa expansión imperialista polo Caribe: *iniciase o imperialismo dos EE.UU.*
- d. **Guerra Anglo-Boer** (1898-1902). Os colonos holandeses en Sudáfrica ou *boers*, que foran desprazados cara ó interior polos colonos ingleses, non queren renunciar á súa soberanía nacional e enfróntanse ós británicos, que están empeñados en sometelos para lograr o proxecto do imperio Norte-Sur (cidade do Cabo-Exipto) .Os británicos vencen ós *boers*, ante a pasividade dos alemáns: *G. Bretaña impón o seu imperio no sur de África.*
- e. **Guerra ruso-xaponesa** (1905). Co acoso dos rusos sobre China, G. Bretaña vese na obriga de buscar aliados para defender os seus intereses na zona, ó non poder aliarse cos franceses (aliados dos rusos) ou cos alemáns(rivais coloniais), optan por asinar unha alianza cos xaponeses. Xapón aproveita o apoio británico para enfrontarse ós rusos e, tras vencelos, incrementar a súa expansión sobre Corea e China: *confirmase o imperialismo xaponés en Asia.*
- f. **Tensións anglo-rusas en Asia central** (1907). O choque de intereses entre ingleses e rusos tamén xorde en Persia, pois tanto rusos como británicos pretenden obter concesións mineiras, petroleiras e financeiras en Persia. Francia, aliada de Rusia e de Gran Bretaña, logra poñer de acordo ás dúas potencias para que resolvan o conflito cun reparto de áreas de influencia: norte para Rusia e Sueste para Gran Bretaña: *iniciase a triple entente de Francia con G. Bretaña e Rusia.*
- g. **Crises de Marrocos** (1905-1911). En 1905 a crise xorde porque Alemaña ante os intereses de Francia por controlar Marrocos, suscita a necesidade dunha política de portas abertas ó comercio e á permanencia dun Marrocos independente. Alemaña para lograr unha solución similar á chinesa forza a **Conferencia Internacional de Alxeciras (1906)**, pero esta conferencia acaba recoñecendo os dereitos de Francia sobre Marrocos, xa que Francia previamente lograra acordos ou ententes cordiais con Italia, Gran Bretaña, España e os EEUU: *confírmase os entendementos de Francia e o progresivo illamento internacional de Alemaña*

En 1911 os alemáns reabren a crise de Marrocos, presionando coa presenza dun buque militar en Marrocos para humillar a Francia, esixindo unha compensación no sur do Congo. Os franceses tratan de calmar ós alemáns concedéndolles terras no Camerún, para evitar a guerra.

As crises e tensións coloniais, sobre todo as de Marrocos, acaban illando a Alemaña e achegando ás restantes potencias coloniais a Francia.

5.3.2. Enfrontamentos imperialistas europeos.

O centro dos conflitos foi a península balcánica atrapada entre múltiples disputas. Estas disputas derivaban:

- h. **Do auxe crecente dos movementos nacionalistas**, das distintas nacións sometidas ó control do Imperio Turco, que ansiaban seguir o exemplo da independencia lograda por Grecia.

- i. **Das pretensións rusas de lograr aliados nos Balcáns**, para conseguir unha saída naval polos estreitos do Bósforo e Dardanelos ó mar Mediterráneo sobre todo despois da derrota fronte ós xaponeses no Pacífico en 1905 e da obriga de pactar cos británicos no Golfo Pérsico en 1907.
- j. **Das pretensións do imperio austríaco**, de lograr unha saída ó mar polos Balcáns, que lles permitirá participar na expansión colonial.

O abandono de Bismarck do goberno alemán en 1890, que provocou a crise progresiva dos sistemas bismarkianos (que servían de freo ós enfrontamentos de Rusia e Austria-Hungría nos Balcáns), unido á debilidade do Imperio Turco (derrota ante Rusia en 1898) aceleraron os conflitos na península balcánica:

- **Austria decide a anexión de Bosnia-Hercegovina (1908)**, co obxectivo de controlar ós eslavos do sur e estender a súa influencia polos Balcáns. Prodúcese unha situación de tensión prebélica entre Austria-Hungría (con apoio de Alemaña) e Rusia (con apoio de Serbia, Francia e G. Bretaña) : os franceses e británicos optan por evitar a guerra aceptando o feito da anexión. *Consecuencias*: humillación de Rusia, fracaso de Serbia, debilitamento do Imperio Turco e incremento da influencia de Austria nos Balcáns,.
- **Rusia promove a Liga Balcánica** (Serbia, Bulgaria, Montenegro e Grecia) **e alenta a primeira guerra balcánica (1912)**. Logra que a Liga Balcánica se enfronte os turcos e os expulsa da península balcánica e do mar Exeo. *Consecuencias*: Turquía séntense derrotada, Serbia marxina (Rusia apoia a creación da Gran Bulgaria a costa de Serbia e Francia, Gran Bretaña e Italia apoian o nacemento de Albania, para impedir que Serbia teña acceso ó mar). Rusia incrementa a súa influencia na zona balcánica a costa de Austria Hungría, defendendo o nacionalismo paneslavo.
- **A actitude da Gran Bulgaria leva ós restantes pobos dos Balcáns a aliarse na Segunda Liga Balcánica** (Serbia, Grecia ... e os propios turcos) e **iniciar a segunda guerra balcánica**. A Liga balcánica derrota á Gran Bulgaria. *Consecuencias*: Austria-Hungría apoia a Bulgaria e perde influencia nos Balcáns, mentres Rusia, tras abandonar a Bulgaria, favorece a creación da **Gran Serbia** e incrementa a súa influencia nos Balcáns e o éxito do nacionalismo paneslavista.
- Tanto os conflitos imperialistas extraeuropeos como os conflitos nos Balcáns van incrementando as tensións e axustando as alianzas entre os distintos estados ante a previsible Grande Guerra. Cada novo conflito vai clarificando o marco de entendementos e alianzas, facendo evidente o illamento de Alemaña:
 - Gran Bretaña / Xapón.
 - Gran Bretaña / Francia (**Dobre Entente**) Gran Bretaña – Francia – Rusia: (**Tripla Entente**).
 - Rusia/eslavos do sur (Bulgaria- Serbia).

Alemaña tentará fortalecer a **Tripla Alianza** con Austria-Hungría e Italia (unha Austria-Hungría debilitada polas derrotas nos Balcáns e unha Italia mais interesada en asinar un pacto secreto con Francia de defensa fronte a Austria, que en cumprir os compromisos da alianza) e atraer a Bulgaria e Turquía.

As tensións imperialistas e a política de alianzas desembocaron na Grande Guerra ou Primeira Guerra Mundial (1914-1918).

